



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aceptar as renuncias de D. Noel Pampin Pombo e D. Cristobal Pensado Garcia como socorristas para a praia de Laxe

Expte. Admvo. Núm.: 2020/E001/000005

Expte. Decreto Núm.: 2020/G003/000383

A Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria comunicou a este concello, con data do 15/06/2020, a concesión dunha subvención para a contratación, baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, a tempo completo por un período de 2 meses de 6 socorristas para o Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias e na piscina municipal, ó abeiro dos Programas de Fomento de Emprego coas entidades locais, para o ano 2020.

Por resolución de Alcaldía núm. 316/2020, de data do 18/06/2020 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 6 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello, previa selección realizada pola oficina de emprego de Carballo.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do servizo público de emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para o dito posto (oferta núm. 12-2020-4612).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 333/2020, aprobouse a lista de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria.

Vista a acta de selección do Tribunal que avaliou os méritos acreditados polos aspirantes presentados ao concurso-oposición na que propón ao sr. Alcalde designar a Adrián Lema Mira, Daniel Gándara Castro, Bieito Santos Charlín, Noel Pampin Pombo, Xian Pérez Merelas e Brais Blanco Rey como socorristas para as praias do concello por un período de tempo de 2 meses e baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interese social.

Con data do 07/07/2020, D. Noel Pampin Pombo achega a súa renuncia a este posto (núm. Rexistro de entrada 202090000000429).

Na mesma acta de selección do tribunal elabórase unha lista de reserva composta por D. Cristóbal Pensado García.

Con data do 09/07/2020, D. Cristóbal Pensado García achega a súa renuncia ao posto de socorrista na praia de Laxe por motivos de desprazamento (núm. Rexistro de entrada 2020900000001192).

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Aceptar a renuncia de D. Noel Pampin Pombo para o posto de socorrista na praia de Laxe.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo: Aceptar a renuncia de D. Cristóbal Pensado García para o posto de socorrista na praia de Laxe.

Terceiro: De acordo coa base 9.5 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 10/07/2020 13:13:00)

Begoña Carrasco García

(FECHA: 10/07/2020 13:10:00)

Decreto Nº: 361/2020 - Fecha de decreto: 10/07/2020
Versión imprimible

CVD: c0K/ho9rf00ATGaF4vuB
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.